



**Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 29 de abril de 2025, polo que se aproban as Normas de elección dos membros do Consello de Administración e do director ou directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A.**

A recente entrada en vigor da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, derroga a Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e no seu articulado, en concreto nos artigos 34 e 25, a tribúen ao Parlamento a competencia para a elección da directora xeral ou director xeral e dos restantes membros do Consello de Administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A.

A disposición derradeira terceira establece que no prazo de tres meses dende a entrada en vigor desta lei, a Mesa do Parlamento aprobará consonte o Regulamento da Cámara, as normas reguladoras do procedemento para a elección da persoa titular da Dirección Xeral e dos restantes membros do consello de administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia no que se garantirá que antes da expiración do prazo sinalado na alínea anterior, dous grupos parlamentarios ou unha quinta parte dos membros da Cámara poidan solicitarlles aos órganos competentes a inclusión na orde do día do Pleno a elección dos devanditos órganos da corporación.

Dada a perentoriedade marcada na disposición transcrita, cómpre regular o procedemento de elección dos órganos da corporación.

A tal efecto, conforme o disposto na citada disposición derradeira terceira e no artigo 30.1.1ª do Regulamento da Cámara, a Mesa, en sesión do 29 de abril de 2025 e oída a Xunta de Portavoces, dispón:

**I. Elección dos membros do consello de administración**

**Artigo. 1. Presentación de candidatos ou candidatas**

Cada grupo parlamentario poderá propor o número de candidatos ou candidatas que lle correspondan proporcionalmente e que deberán reunir as condicións preceptuadas nos artigos 25.2, 26 e 29 da Lei 1/2025, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

A presentación de candidatos ou candidatas farase por escrito, dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

**Artigo 2. Comparecencia perante a Comisión permanente non lexislativa de control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia**

Rematado o prazo de presentación, os candidatos ou candidatas propostos deberán comparecer, consonte o artigo 25.3 da precitada lei, co fin de examinar a súa

Firmado el día  
29/04/2025 a  
las 18:03  
Por  
Asinado o día  
<%signatureda  
te=dd/MM/yyyy  
y%> ás  
<%signatureda  
te=HH:mm%>  
Por  
<%subjectgive  
nname%>  
<%subjectsum  
ame%>

idoneidade para o cargo, ante a Comisión permanente non lexislativa de control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia na forma que determina o Regulamento da Cámara.

### **Artigo 3. Elaboración da lista de candidatos ou candidatas**

Substanciadas as comparecencias, elaborárase unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos e candidatas e os grupos que os propuxeron. Unha vez confeccionada a lista e visada esta pola Mesa do Parlamento anterior ao Pleno en cuxa orde do día se inclúa a elección, será enviada aos grupos parlamentarios como mínimo seis horas antes da realización da votación.

### **Artigo 4. Debate**

Cada grupo poderá fixar a súa posición en relación coa candidatura presentada por un tempo máximo de cinco minutos.

### **Artigo 5. Votación**

A votación, de conformidade co establecido nos apartados 1.2 e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta mediante papeletas.

Cada deputado ou deputada marcará cun signo distintivo o nome ou nomes elixidos, ata un máximo de seis.

Cada deputado ou deputada depositará, logo de chamamento nominativo, a súa papeleta na urna preparada para o efecto.

Consideraranse nulas as papeletas que conteñan expresións alleas á votación, ou que figuren marcados máis de seis candidatos e candidatas.

Consideraranse votos en branco as papeletas que non sinalen o nome de ningún candidato ou candidata.

### **Artigo 6. Escrutinio e elección**

A Mesa efectuará o escrutinio e proclamará elixidos aqueles candidatos ou candidatas que obteñan dous terzos dos votos.

Os candidatos ou candidatas que non obteñan os 50 votos necesarios someteranse a unha nova elección, logo da inclusión do asunto na orde do día dun Pleno, dentro do prazo dun mes dende a primeira votación e resultarán elixidos os candidatos ou candidatas que obteñan os tres quintos dos votos, é dicir, 45 votos.

De non acadarse esta última maioría será a Mesa do Parlamento a encargada de abrir un novo prazo para a elección conforme a estas Normas.

## **II. Elección do director ou directora xeral**



### **Artigo 7. Proposta de candidatos ou candidatas**

Cada grupo parlamentario poderá propor un candidato ou candidata, que deberá reunir os requisitos preceptuados nos artigos 34.3 e 37 da Lei 1/2025, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

A presentación farase por escrito asinado polo portavoz do grupo parlamentario e dirixido á Mesa do Parlamento.

### **8. Formulación da candidatura**

A proposta de candidato ou candidata á Dirección xeral será formulada pola Comisión permanente non lexislativa de control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia de entre as candidaturas propostas.

A formulación da candidatura virá precedida dun debate cuxa ordenación e tempos serán fixados pola Mesa da comisión.

Finalizado o debate, terá lugar a votación para propor o candidato ou candidata de entre as e os presentados polos grupos parlamentarios, resultando elixido ou elixida o candidato ou a candidata que obteña a maioría dos votos, do cal se dará traslado á Mesa do Parlamento.

### **Artigo 9. Comparecencia perante a Comisión permanente non lexislativa de control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia**

A persoa proposta pola Comisión permanente non lexislativa de control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia comparecerá ante a mesma co fin de examinar a súa idoneidade para o cargo na forma que determina o Regulamento da Cámara.

### **Artigo 10. Inclusión na orde do día do Pleno**


Unha vez efectuada a comparecencia prevista no artigo anterior, a elección do director ou directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia estará en condicións de ser incluída na orde do día dunha sesión plenaria.

### **Artigo 11. Debate**

Cada grupo poderá fixar a súa posición en relación coa candidatura formulada pola Comisión permanente non lexislativa de control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia por un tempo máximo de cinco minutos.

### **Artigo 12. Votación**

A votación, de conformidade co establecido nos apartados 1.2 e 2 do artigo 91 d



o Regulamento, será secreta e mediante papeletas.

Nas papeletas figurará o nome do candidato ou candidata proposta pola Comisión permanente non lexislativa de control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. Os deputados e deputadas marcarán cun aspa o recadro situado xunto ao nome da persoa candidata.

Cada deputada e deputado depositará, logo de chamamento nominativo, a papeleta na urna preparada para o efecto.

Consideraranse votos en branco as papeletas que non conteñan aspa ningunha dentro do recadro situado ao carón do nome da persoa candidata.

Consideraranse nulas as papeletas que conteñan expresións alleas á votación, que inclúan un candidato ou candidata distinto do designado, ou que sexan manipuladas de algunha outra maneira.

### **Artigo 13. Escrutinio e votación**

A Mesa efectuará o escrutinio e proclamará elixido ao candidato ou candidata se acadase a maioría de dous terzos da Cámara, ou sexa 50 votos.

No caso de non acadar a maioría de dous terzos, no prazo dun mes poderase repetir a votación, logo da inclusión da elección na orde do día dun Pleno, e resultará elixido ou elixida se acadase a maioría de tres quintos da Cámara, 45 votos.

De non se acadar a maioría de tres quintos, incluírase a elección na seguinte sesión plenaria e resultará elixido por maioría absoluta. No caso de non acadarse esta maioría, será a Mesa do Parlamento a encargada de abrir un novo prazo para a elección da persoa titular da Dirección xeral conforme a estas normas.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente